

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 24 DE MAIO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecatro de Maio de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria. oportunamente convocada da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 22 de Maio pasado.

2.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Visto o presuposto presentado por NAUTEL, Nautica e Telecomunicacións S.L. con domicilio en Barbantes-Estación, por importe de 3.000.000 pesetas, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda o gasto correspondente polo importe sinalado para a instalación dun pantalán con cargo ó credito que existe para as actuacións no Encoro de Castrelo.

E sendo as doce e cuarto da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.